



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A ASOCIACIÓN MIRABAL, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E ATENCIÓN ÁS SÚAS VÍTIMAS.

:

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

No mencionado ámbito material, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren

O artigo 7.2 da antedita Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

(2) Antecedentes:.

Con data 29 de xuño de 2017 tivo lugar a Conferencia Sectorial de Igualdade, publicándose no BOE do 7 de outubro de 2017 a distribución de crédito asignada a cada CCAA segundo a distribución de créditos acordada e segundo os proxectos presentados, con accións encamiñadas a garantir ás vítimas da violencia de xénero o dereito a asistencia social integral e actuacións de atención especializada a menores expostos a situacións de violencia

No marco deses fondos finalistas asignados á CCAA de Galicia a través de Conferencia Sectorial de Igualdade para o exercicio 2017 encádrase o convenio de colaboración coa Asociación Mirabal, asociación que ten entre os seus fins os de traballar a prol da igualdade entre os xéneros e a eliminación de todo tipo de discriminación, así co o axudar a manter a solidariedade con todas a persoas que precisen axuda por falta de recursos, especialmente ás mulleres vítimas de violencia de xénero, ademais de concienciar á sociedade sobre determinadas lacras, entre elas a



violencia de xénero, contribuíndo á garantir o dereito a asistencia social integral que o artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero lle outorga ás vítimas desta violencia, a través de accións de difícil encaixe dende os servizos públicos e que a Asociación Mirabal está a desenvolver con persoal voluntario e con formación específica.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, con data 17 de novembro de 2017 formalizouse coa Asociación Mirabal o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

(4) O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a Asociación Mirabal, para o desenvolvemento por unha banda de accións enmarcadas na campaña de loita contra a violencia de xénero, dirixidas a sensibilizar á poboación sobre esta lacra, e por outra accións de apoio social e acompañamento con vítimas da violencia machista: información, apoio na realización de trámites legais, apoio no intercambio de menores, acompañamento a xuízos, etc.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Que a Asociación Mirabal é unha entidade de dereito público que ten entre os seus fins os de traballar a prol da igualdade entre os xéneros e a eliminación de todo tipo de discriminación, así co o axudar a manter a solidariedade con todas a persoas que precisen axuda por falta de recursos, especialmente ás mulleres vítimas de violencia de xénero, ademais de concienciar á sociedade sobre determinadas lacras, entre elas a violencia de xénero, levando a cabo actividades de información, formación, atención, apoio e acompañamento á mulleres vítimas da violencia de xénero, promovendo ademais accións de concienciación social fronte á violencia machista.

Que pola súa experiencia e coñecemento e especialización das profesionais coas que colabora especificamente no campo da violencia de xénero así como a experiencia que acredita no trato con vítimas desta violencia, a Asociación Mirabal reúne as condicións para o desenvolvemento dun Programa prevención da violencia de xénero e atención ás súas vítimas, programa que dificilmente pode asumir outra asociación da provincia da Coruña que acheguen unha experiencia e un grupo de profesionais destas características.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>



Noveno.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas un acompañamento especializado a través de persoas con formación e coñecemento específico da violencia machista, de xeito gratuito e voluntario.

(6) Aplicación orzamentaria: 05.11.313D.481.0

Contía total: 10.000 €

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

